



Cabo Vidra *Feitizo da natureza*

Contidos

Introdución	páx. 4
Os segredos agochados da matogueira	páx. 6
A dureza do cantil	páx. 10
Os descoñecidos tesouros do mar	páx. 12
Caprichos da xeoloxía	páx. 14
Observatorio natural	páx. 16
Testemuñas da nosa historia	páx. 18
Sendeiro	páx. 20





Introducción

Na parroquia de Beluso, no concello de Bueu, localízase o espazo protexido **Cabo Udra** clasificado como Lugar de Interese Comunitario da **Rede Natura 2000**. Esta Rede foi creada baixo o amparo da Directiva 92/43/CEE do Consello Europeo para protexer un conxunto de espazos naturais con hábitats, flora e fauna singulares no contexto de Europa.

A superficie protexida que comprende Cabo Udra son 8 qm. de costa, dende a Praia de Mourisca (Bueu) ata a de Menduiña (Cangas), intercalando pequenas praias formadas entre cantís rochosos. Ocupa 623 hectáreas, das cales máis do 70% están baixo auga e a parte terrestre está cuberta por unha impenetrable matogueira litoral da que emerxen penedos de gran valor xeolóxico e paisaxístico.

Os segredos agochados da matogueira

Nas **Rías Baixas** conflúen o Clima Atlántico e o Mediterráneo, xa que hai unha seca estival típicamente mediterránea. Atopámonos nunha zona de transición onde se produce unha mistura de especies propias de ámbolos climas.



carrasca



trovisco



barbas do demo

O toxo (*Ulex europaeus lactebracteatus*) e a carrasca (*Erica spp*) do clima Atlántico e o trovisco (*Daphne gnidium*), a carpaza moura (*Cistus salvifolius*) e a xesta mansa (*Osyris alba*) como especies termófilas.



toxo



Sometida a fortes ventos e intensamente soleada, a **matogueira** adopta forma de almofadas de escasa altura para evitar a perda da auga.



papuxa do mato



papuxa cabecinegra

Este mato protexe e alimenta a numerosas aves como a papuxa cabecinegra (*Sylvia melanocephala*), a papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*), a papuxa do mato (*Sylvia undata*), a carriza (*Troglodytes troglodytes*), escribenta común (*Emberiza cirrus*), o liñaceiro (*Carduelis cannabina*), o xílgaro (*C. carduelis*) e o chasco (*Saxicola torquata*).



Nos cantís, nas zonas máis baixas salpicadas polo mar, ocupando as fendas instálanse o prixel de mar (*Chritmum maritimum*) coas follas carnosas onde almacena auga e sales para poder absorber auga da terra.



prixe de mar



herba de namorar

Tamén a herba de namorar (*Armeria pubigera*) forma pequenas matas arredondeadas para protexerse do vento e se cubre de pelo para evitar o exceso de sol.


O paxaro que frecuenta as penedías e cantís é o rabirrubio (*Phoenicurus ochruros*) fácil de observar polo hábito de pousarse ó descuberto no alto de penedos e arbustos.





Os afloramentos de **augas profundas** que veñen cargadas de nutrientes e a oscilación da marea son os responsables da riqueza biolóxica destes fondos.

As algas e os animais mariños organízanse no cantil verticalmente en función do tempo que sexan capaces de soportar en seco pola influencia das mareas. Pero tamén se distribúen en función do tipo de substrato: se é area ou rocha, se están nunha zona batida polas ondas ou en calma...




En Cabo Udra o mar acolle verdadeiros **tesouros naturais**: nun so metro cadrado de bosque de golfos (*algas Laminaria spp*) pódense atopar centos de especies de organismos mariños.

Estes fondos mariños tan pedregosos retaron ós navegantes, afundindo numerosos barcos, dos cales permanecen restos submariños e áncoras líticas constituíndo un **museo** para os mergulladores.



A matogueira vese sobresaltada polos bolos de ganodiorita. Estes granitos formáronse a gran profundidade e a erosión achegounas á superficie. O vento, a chuva cargada de sales mariñas, os liques e as plantas que viven nas fendas foron moldeándoo ata converter a Cabo Udra nunha paisaxe enigmática.

144



pías

bolos en equilibrio



lagarto arnau

Aquí poden atoparse formacións típicas froito da erosión como os bolos en equilibrio, as pías, as acanaladuras e as cacholas. Sobre estes penedos é fácil ver ó lagarto arnau (*Lacerta lepida*) vixiando o seu territorio.



cacholas e acanaladuras



O Cabo Udra ao adentrarse no mar, constitúe un privilexiado **observatorio de fauna**. Cada ano 100.000 aves mariñas visitan esta costa nos pasos migratorios de primavera cando

se dirixen ás súas colonias de cría no Norte e, no outono, cando retornan aos lugares de invernada.



corvo mariño cristado

Coa óptica axeitada pódense ver limícolos, parrulos pentumeiros (*Melanitta nigra*), carolos (*Alca torda*), araos (*Uria aalge*), araos papagaio (*Fratercula arctica*), mascatos (*Morus bassanus*), carráns, pardelas...

A gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) e o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) achéganse dende o **Parque Nacional das Illas Atlánticas** a diario.

Tamén dende aquí, obsérvanse facilmente arroaces rodeando o cabo.



Dende a época castrexa, da que atopamos restos no monte do Castro, o home xa foi deixando as súas pegadas. Na **praia de Mourisca** permanece un dos mellores exemplos conservados de fábrica de salga, o que da conta da intensa actividade pesqueira presente dende séculos atrás. Tamén alí, pódense ver casas de arquitectura típica mariñeira e embarcacións tradicionais como **dornas** e **gamelas**.



praia de Mourisca

Xa no século XIX, os pastores aproveitaron os grandes bolos graníticos para facer os seus Chouzos en **Chan de Esqueiros**, onde se refuxiaban da intemperie cando traían o gando dende outras parroquias do **Morrazo**. Aínda se conservan 14 destes chouzos, exemplos arquitectónicos integrados na paixase e únicos en Galicia.



chouzo

Na actualidade, no espazo ocupado en tempos por baterías militares, érguese a innovadora **Aula da Natureza** de Cabo Udra cunha mostra dos valores do lugar. Trátase dun dos escasos centros de interpretación distinguidos en Galicia coa Bandeira Azul, avalando a súa labor na Educación Ambiental.



Mapa do Parque Natural do Alentejo Alentejo Litoral, mostrando a rede natural, as praias, os pontos de interesse e as rotas de acesso.



Axúdanos a preservar este espazo natural



Leva contigo o lixo ou depositao no contedor axeitado.



Se arrincas as flores e froitos deixarás sen alimento ós animais; evita arrincar plantas.



Procura manter a tranquilidade do lugar sen facer ruídos que molesten á fauna.




Non prendas lume fóra dos asadeiros nin en épocas de risco de incendios.



Se traes a túa mascota ao espazo, evita que faga dano ás aves que aniñan no chan e á fauna autóctona.



Goza de Cabo Udra dándote un agradable paseo a pé; os vehículos poden abrir máis pistas e fragmentar o hábitat ata convertilo nun lugar inhóspito.



Camiña sempre polas sendas marcadas, non deixes aquí a túa pegada.



Consultar horarios e visitas no telf.: 669 996 658
auladanatureza@concellodebueu.org
www.concellodebueu.org

Proxecto: Obradoiro de emprego Bueu II

Textos: Silvia Guimarey Vila

Fotografías: Ana Rial, Carolina Santiago, Jesús Bernués, Manuel Cerviño

Ilustracións: Carolina Santiago, Iván Pedrosa, Lidia Nokonoko, Lía Otero

Infografía: Juan Barcia, Lucinda Martínez

Deseño e maquetación: Irene Fariña, Lorena Estévez, Patricia Moares

Cabo
Vidra

